

ARTÍCULO ORIGINAL

Paseo físico e textual pola Pontevedra de Xoán Manuel Pintos

Xosé Abilleira Sanmartín

xabilleira@edu.xunta.es

IES Pazo da Mercé – As Neves (Pontevedra)

Ana Acuña Trabazo

ganime@uvigo.es

Universidade de Vigo

RESUMEN: Este artigo pretende ser un adianto dos actos en homenaxe a Xoán Manuel Pintos Villar (1811-1876) no próximo bicentenario do seu nacemento e recolle un paseo por Pontevedra a partir da súa vida e da súa obra.

PALABRAS CLAVE: Xoán Manuel Pintos, Pontevedra, Siglo XIX, Literatura Gallega, Ruta Literaria.

Paseo físico y textual por la Pontevedra de Xoán Manuel Pintos

RESUMEN: Este artículo pretende ser un adelanto de los actos en homenaje a Xoán Manuel Pintos Villar (1811-1876) en el próximo bicentenario de su nacimiento y recoge un paseo por Pontevedra a partir de su vida y de su obra.

PALABRAS CLAVE: Xoán Manuel Pintos, Pontevedra, Século XIX, Literatura Galega, Roteiro Literario.

Physical and literary walk through Xoan Manuel Pintos' Pontevedra

ABSTRACT: This article wants to be an advance tribute to Xoan Manuel Pintos (1811-1876) in the upcoming bicentennial anniversary of his birth. It includes a walk around Pontevedra, taking his literary works and life as a guide.

KEYWORDS: Xoán Manuel Pintos, Pontevedra, 19th Century, Galician Literature, Literary Route.

1. INTRODUCCIÓN

Nas liñas que seguen presentaremos o “Roteiro Xoán Manuel Pintos” organizado pola Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra e guiado por quen escriben¹. O paseo pola Pontevedra de Xoán Manuel Pintos comprende dez puntos significativos co obxectivo de:

- recoller os lugares da vida e da obra de Xoán Manuel Pintos na “boa vila”,
- atender aos traballos e aos días de figuras das letras universais que recuperou Xoán Manuel Pintos (Amoedo Carballo e Sarmiento), lembrar aqueles autores que, directa ou indirectamente, tiveron relación co noso autor (M. Murguía, R. Castro...) e, finalmente, recuperar personaxes lendarios e históricos de Pontevedra por el citados (Teucro, Méndez Núñez...),
- presentar, sen escurecer a figura de Xoán Manuel Pintos, os acontecementos políticos, sociais e culturais do século XIX, época de cambios significativos para a cidade de Pontevedra,
- sumarnos, tal e como reivindicou o propio X. M. Pintos, á “reclamación da dignidade” da boa vila e do noso idioma.

2. XOÁN MANUEL PINTOS E A SÚA ÉPOCA

A biografía de Xoán Manuel Pintos (1811-1876) abrangue boa parte dunha convulsa e complexa centuria, tal e como expoñemos no anexo I. A a súa figura é, sen dúbida, a máis representativa do movemento “precursor” (anticipo do Rexurdimento protagonizado por Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal). Desde o punto de vista sociolóxico e político, Pintos documenta problemas básicos que teñen que ver coa consciencia e reivindicación da nosa lingua, cultura e país e tamén coa asunción de principios e valores de solidariedade. A mellor proba da súa sensibilidade social, próxima ao socialismo utópico de Ramón de la Sagra, foi:

- a denuncia da situación de fame e pobreza de amplos sectores da sociedade galega do momento, unhas veces
- outras a queixa polos prezos abusivos, pola enorme carga impositiva, polos foros, pola usura, pola emigración,

- e sempre a crítica ao funcionamento da administración do Estado (sobre todo á xustiza) polo abandono das vías públicas e do patrimonio histórico-artístico.

Xoán Manuel Pintos naceu en Pontevedra o 16 de decembro de 1811 e os seus pais –Basilio Pintos García e Ramona Villar Rodríguez– eran naturais desta mesma cidade. De neno trasladouse a Ferrol e á Coruña, onde estudou Humanidades no Colexio dos Padres Dominicos. Logo estableceuse en Santiago de Compostela para cursar Filosofía e Dereito, entre 1826 e 1835. Despois de licenciarse, exerceu como profesor un ano en Institucións Canónicas². En 1837 volve á Coruña e traballa de avogado. En 1840 está en Pontevedra, cidade na que residiría, case sen interrupción, ata 1862. Xusto cando chega á cidade do Lérez, logo do pronunciamento progresista, foi nomeado Xuíz Interino de Primeira Instancia de Cambados. Ao ano seguinte, en 1841, casa con Serafina Amado Boullosa (irmá do escritor Xosé Benito Amado) con quen tivo catorce fillos. En 1844 é cesado como xuíz polo goberno conservador. Dende este ano ata 1862 exerce de avogado e fiscal en Pontevedra, onde desempeñou o cargo de decano do Colexio Profesional e impartiu clases no ensino público e privado. Neste tempo pontevedrés viviu no barrio do Burgo, lugar que aparece en *A gaita gallega* (1853) e noutras composicións súas. A partir de 1862 foi rexistrador da propiedade en Vigo, cidade na que morre no 1876.

A súa obra *A gaita gallega* é considerada como o primeiro libro da literatura galega contemporánea, “a pedra de alicerce da nosa renacencia” en palabras de Ramón Cabanillas. O libro ten un carácter misceláneo: é tanto un manual de iniciación á nosa lingua, e por iso pretende achegar o idioma ao público lector, como un documento excepcional en materia sociolingüística; en fin, unha apoloxía xeral de Galicia, que tiña bases nos nosos ilustrados. Por outra parte, *A gaita gallega* ten un aspecto trilingüe (galego-castelán-latín) e inclúe un “Breve diccionario gallego” como axuda á comprensión e coñecemento da lingua.

Para alén d’*A gaita gallega*, Pintos deixounos un amplo conxunto de poemas, entre os que destacan tres églogas ou os “Contos da aldea que parecen historias da vila ou historias da vila que parecen contos da aldea” (1858).

En Xoán Manuel Pintos salientan varias dimensións: a de gramático, latinista e colaborador en distintos xornais, en especial os pontevedreses *El*

Circulador, El País, La Perseverancia ou *O Novo Galiciano*. Pódese rexistrar a súa colaboración na prensa galega cun importante número de composicións soltas e folletos, entre os que podemos mencionar “Rechamo”, unha chamada aos autores galegos para utilizaren a nosa lingua. No momento da súa morte, en 1876, estaba a confeccionar outro dicionario, para o que tiña anotados aproximadamente catorce mil vocábulos.

Como veremos neste paseo guiado pola súa vida e a súa obra³, no conxunto da produción de Xoán Manuel Pintos é constante a presenza de Pontevedra (as parroquias, o río, o mar...).

3. PASEO POLA PONTEVEDRA DE XOÁN MANUEL PINTOS

3.1. O Burgo (Lérez e arredores)

Nesta zona, punto de saída do paseo (confluencia da actual rúa Xoán Manuel Pintos coa estrada da Coruña, é dicir, na parte norte da ponte do Burgo), é onde se di que naceu⁴ e, posteriormente, residiu⁵ Xoán Manuel Pintos. O Burgo pertencía daquela á freguesía de Santa María, onde consta que foi bautizado segundo unha certificación que nos expediu o actual párroco.

Son habituais nas composicións de Xoán Manuel Pintos as mencións a este espazo (o eido no que vive, o cruceiro do barrio, a invocación ao santo...) onde asina boa parte da súa obra:

O que toca a gaita/co tamborileiro,
camiñando juntos/para o novo eido
que ten aquel mestre/no Burgo pequeno,
e chegando ó patio/que está unda o cruceiro
Ile dixó a seu amo/o tamborileiro. (AGG, p. 103)

A capela do Burgo, da que existen noticias xa na época medieval, atopábase bastante desfeita⁶ no século XIX, mesmo se conta que o santo andaba de casa en casa. Acabouse erguendo outro edificio, trasladado xunto co cruceiro a outro lugar en 1858.

Dende antigo, a zona do Burgo era fundamental en canto ás comunicacións. Non se debe esquecer que por aí pasaba o camiño a Compostela, asentado sobre a vía XIX da época romana e da que quedaba aínda algunha pegada na época de Pintos.

O río Lérez é unha referencia literaria moi importante que xa aparece en autores como

Sarmiento, Luís de La Riega... En Xoán Manuel Pintos o Lérez é tratado como *locus amoenus*:

E de entre as aguas azules/brincan peixes prateados,
e dourados,/por verte, pomba, a dormir
entre mil frutos e frores,/cal de amores
a reina do mar saír. (AGG, pp. 267-8)

A ponte do Burgo sobre o río ten, igualmente, unha dimensión evidente como centro de acontecementos históricos: sobre o que foi a vella ponte medieval, precedente da que hoxe se contempla, asinou a Paz do Lérez (1165) entre galegos e portugueses; e, en relación con ela, explícase o propio topónimo da cidade. Ademais do acontecer histórico, a ponte do Burgo era coñecida por nela celebrárense os bautismos prenatais ante o cruceiro que se alzaba no centro (hoxe, segundo algúns autores, é o que se alza na praza da Leña).

Por outra parte, a ponte pode ser tomada como punto-observatorio da clara apoloxía que Xoán Manuel Pintos fai de Pontevedra, unha visión encomiástica que recolle a mención dos arredores nunha estampa bastante integral de toda a paisaxe. Desde a ponte poden ser lembrados distintos textos referidos á próxima ferverza da Fillagosa tan ligada á vida literaria da cidade (Xoán Bautista Andrade, Xoán Vidal ou Luís Amado Carballo), ao Chan da Parafita (onde Sarmiento situaría o seu *Coloquio dos vinte e catro galegos rústicos*, 1746), a Mourente, á boca da ría coas Moureiras, etc.

Aquí da Fillagosa/na mimosiña freixa
de cote a miña queixa/a desfogar virei.
 (“Xacinto e Catrina”, OPD, p. 205)

Mais, xunto a esta perspectiva enxalzadora, a obra de Xoán Manuel Pintos tamén é a incisiva testemuña do abandono dos monumentos (Mosteiro do Lérez) ou a certificación case documental da febre demoledora do seu tempo con boa parte do patrimonio da cidade.

3.2. Cárcere vello

Se cruzamos a ponte do Burgo e facemos unha parada na cabeceira sur, poderemos evocar o chamado “Cárcere da Ponte”. Ruinosa dende había tempo, a prisión foi derrubada no 1865 ao construírse a nova (na metade de século) sobre o que é a Audiencia hoxe. Nos restos da antiga levantarase a primeira praza de abastos cuberta.

En relación a este cárcere e á súa lamentable situación, ademais das inhumanas condicións dos presos, aflora claramente a conciencia solidaria de Pintos (téñase en conta a súa formación xurídica). Os seus versos expresan e evidencian a súa sensibilidade social:

Mira, Pedro, agora que falas de eso dígoche que seique val máis estar dez anos nun bo presidio que dez días nesa cadea de Pontevedra. Nese edificio triste, feo, cheirento, apestado, escuro, inmundo que máis ben pode chamarse ortillo ou tobo para feras que non casa para ter os homes. (...)

Fondo burato donde nunca é día,
tumba de vivos por súa mala sorte,
negra coroa de instrucción impía
digna da morte.
(AGG, pp. 416 ss.)

3.3. Isabel II

Despois de deixar a actual praza de García Escudero (antes Planchuela, polo peirao de madeira do lugar), a de Celso García de la Riega (antigamente Correos), e parte da rúa Real (noutroa rúa do Rego), chegamos á rúa de Isabel II, así denominada dende 1854 (no pasado chamada de Mendiños e, desde as Cinco Rúas cara arriba, Costiña de Santa María).

No número 4 desta rúa de Isabel II situábase a imprenta dos irmáns Vilas (José e Primitivo), onde se editou en 1853 *A gaita gallega*. Neste punto⁷ debe ser comentada a importancia dos impresores pontevedreses do século XIX: Anciles, Pinto, Madrigal, Antúnez, José María Santos (personaxe fundamental pola súa ideoloxía progresista e partícipe activo da Xunta Superior de Galicia no levantamento do ano 1846).

A medida que subimos cara a Santa María, o seguinte punto do roteiro, podemos aludir á rúa da Princesa (na época medieval chamada Sobre o Azogue e, en 1854, Pichelería polos produtos de estaño), á rúa Chariño⁸ (en homenaxe do poeta medieval, e antigamente chamada Caas ou Cans, en relación –ao parecer– ao enlousado e traza), á rúa San Nicolás (anteriormente rúa Nova dos Veedores, Caleixón dos Mendoza ou rúa dos Bispos) e á rúa Alta (antes das Ovellas).

3.4. Santa María

Ante a basílica, “pérola” da nosa arte, na que se bautizou Pintos e pola que sente admiración, é posible contemplar toda a paisaxe da rúa. Neste punto é preciso evocar a relación de Pontevedra co mar que tamén rememorou Pintos nos seus textos (sobre todo os grandes navegantes como os Nodales, Sarmiento de Gamboa...):

Santa María, que maior ti eras
de todas cantas tiña a vila dentro,
¡Dios queira as outras vellas que te sigan
e que prosperen vendo tal enxemplo!
Maior, empero, ti serás de todas,
muito mellor na forma e ser externo:
sin par na gracia de columnas e arcos,
no teu reparto claro e paramentos,
nas mil ventages que o teu ancho espazo
garda servindo á vila de ornamento.
Santa María, reina soberana,
anjos e imaxes todas dese tempo,
andias de prata hermosa onde garrido
vai adorado o Santo Sacramento.
(AGG, p. 397)

¡Que viva a Moureira!
Viva o Sacramento!
¡Vivan os que rompen
cadeas de ferro!
¡Que vivan, que vivan
os ilustres netos
do noso Charino/
or seculos eternos!
(AGG, pp. 258-9)

Camiño do actual Concello, no que era o Eirado das Torres, estaba a fortificación dos Churruchaos ou as Fortalezas Arcebispais⁹ cuxo derrubamento impresionou a Xoán Manuel Pintos:

¿Que serán señales tristes/ver seus muros derrubados
e esfareladas as pedras/das torres dos Churruchaos?
¡Pontevedra! ¡Pontevedra!./¡viñeron moitos quebrantos
sobre ti e dos afogos/a hora che vai chegando! (...)
¡As pedras das catro esquinas/en que o pobo está asentado
xuntarse queren doridas/a desafogar seu pranto!
¡Aqueles torres e muros/quer ó sol iban relumbrando,
almeias, fontes e tempos./xa se van volvendo cachos.
Fasta ese Porto precioso./que dou nacencia ó teu casco,
lacera os peitos da xente/e dá lástima miralo. (...)
¡Señora facei que volva/a recobrar de contado
aquele lustre e valimento/que os seus maores gañaron!
 (“Contos...”, OPD, pp. 285-6)

3.5. Concello

Este punto, correspondente ao que era a zona da Bastida (Porta da Vila ou de San Domingos), convídanos a tratar a orixe lendaria de Pontevedra e o que o mesmo Pintos chama “a manía de orixe remota”. A figura de Teucro (suplantado iconograficamente por Hércules, coa súa pel de león e a maza) é o mito fundacional que procede do ambiente helenófilo do “círculo” humanista do XVI (onde destacou a figura de Juan de Guzmán, catedrático de Retórica na “boa vila”) e do que hoxe queda testemuño nos versos gravados na actual Casa do Concello.

Enriba das ruínas da Torre da Bastida ergueuse no século XVII a antiga Casa do Concello, derrubada en 1876 e que se utilizaría como sede do Xulgado ou Caixa de Aforros e Monte de Piedade. O novo concello será obra de Rodríguez Sesmeros, figura fundamental no deseño e tratamento urbanístico desta estensa área urbana composta polos chamados, daquela, campos de San Domingos e San Xosé (localización da antiga feira do gando) e que se corresponderían *grosso modo* coas actuais Alameda e Palmeiras.

Fóra de muros hai dous grandes campos
que ós mesmos reies foran de recreo:
Santo Domingo está no que é máis longo
e San José no outro máis pequeno.
Mui enfiados en fronteiras ringles
fan sitio os árbores para o paseo
e ó redor a vista se regala
no verde chan de herbiña sempre cheo.
(AGG, p. 395)

Desde esta parada do noso paseo cómpre citar outras referencias onomásticas, un pouco máis afastadas do centro da cidade, recollidas na obra de Pintos: San Roque, o río dos Gafos, Salcedo, Mollavao, Marín...

Alá no río dos Gafos/onde había noutro tempo
de caridá hospitaliños/para os lázaros enfermos,
que hoxe piden espallados/polos calles e paseos (...)
dendes do ponte Bolero/a Taboada e Ponte Nova
caíndo alí o río cheo/con borbollóns prateados
que alegre en San Roque o velos;/alí, naquel verde chan
de mil verdores diversos (“Contos...”, OPD, p. 322)

Sen dúbida require unha especial atención San Domingos, templo medieval que padeceu a dinámica de demolicións habituais naqueles anos. San Domingos pasou por diversas “funcións”: casa hospicio, lugar de espectáculos (para)teatrais, “casa de monopodio”, casa de acollida, escola de nenos,

hospital (1857), residencia de padres misioneiros (1867), aloxamento de tropas (1874), taller de fogos artificiais (1866). En boa parte dos seus dominios construíronse o que sería o Instituto (hoxe o IES Valle Inclán), os actuais Xardíns de Colón e mesmo a Deputación.

Logo da Porta da Vila ou de San Domingos, merece comentario a rúa Riestra (denominación debida ao marqués deste nome, dono dos terreos). En 1853 era un simple camiño que levaba desde ese punto ao Campo de San Xosé, progresivamente urbanizado. En relación coa familia Riestra, debemos referirnos á actual rúa da Marquesa onde, na época de Pintos, estaba o local do Colexio de Avogados do que o noso autor foi decano entre 1860-1861¹⁰.

Preto da rúa Riestra localízase aquela dedicada a Nicomedes Pastor Díaz, madrigalego coma Teodosio Vestreiro Torres (a este último Xoán Manuel Pintos dedicoulle dous poemas). Detrás da rúa Pastor Díaz encóntrase aaquea dedicada a Rosalía de Castro.

Antes de seguir o noso itinerario, é pertinente mencionar o derrubamento do resto da muralla. En 1853 bótase abaixo o tramo que correspondería á actual rúa Michelena (daquela Poza das Rans), Trabancas e o Torreón de San Francisco. Neste proceso destrutivo influíu en bo grao a reforma de Alejandro Mon ao substituír portas por fieltos.

3.6. San Barlotomeu o Vello e praza do Teucro

Desde a Porta da Vila imos ao actual Teatro Principal, zona da vella igrexa de San Bartolomeu co seu cemiterio e praza¹¹. Pódese dicir que en 1842 se iniciou a súa demolición que se prolongou por dous anos. En 1864 comezouse a construír o Liceo e o teatro.

Fomos pois á do patrón,/noso San Bartolomeu,
igrexa que tiña o santo/Bastían no lado ezquerdo.
¡Cánta xente alí acudía/tódolos días arreo
cando tocaba a campana/polos devotos ó tempo!
¡Qué troupelear de socos/e qué mareas correndo
polas calles por chegare/a oír as misas a tempo!
Polas tres portas a unha/se rempuxaban metendo
fasta quedar ateigada/d’ homes, mulleres e nenos.

Inda por fóra de vía,/da porta maor, atento
xentío mui cubizoso/de descrobir de alí o crego.
Mais agora aquela igrexa/novos homes desfíxeron,
e no sitio se reparan/outros profanos cimentos.
N’hai que facerlle, señores./que a todo lle chega o termo,
e todo o varre e aniquila/a gran fouzaña do tempo.

Os mesmos ósos dos mortos/alí non deixaron quedos,
que todos, desenterrados,/no camposanto os meteron.
Pero ó levantarse as lousas/das sepulturas correron
miles de ratas e ratos/que nas casas se meteron.
("Contos...", OPD, pp. 336-7)

Entre a actual Casa das Campás e o Teatro Principal está o portal de "gráficas Torres", centro, en plena ditadura franquista, do gran labor cultural e editorial da colección "Benito Soto". Se continuamos por ese lateral do que foi San Bartolomeu, chegamos á actual praza do Teucro (outra alusión á fundación mítica), zona de actividades económicas (antigamente denominouse praza Maior ou do Pan), de oficios relixiosos e de diversión (San Sebastián, o Corpus, o entroido, a Feira Franca) e dunha gran riqueza heráldica.

Era o tempo dos entroidos/en que andan sólto-los demos,
facéndose os vellos mozos,/tornándose os mozos vellos,
poñendo as mozas cirolas,/vestindo os homes mantelos,
nas caras con carantñas/para mellor fá-lo xenio,
cando parez que reloucan/as xentes cheas de vento
por tolear todas xuntas/sin migalla de proveito,
remedando así ós xentíos/que alá en mui remoto tempo,
na Triecteria facían/lembranza do salvamento
do estado peligroso/en que se viu o universo
dende o xeneral diluvio/en Babilonia violento. (...)
Mentres pois que pola vila/orneaban os choqueiros
dando brincos e pernadas/e mil cachizas facendo;
mentres que se puña lume/nas carozas dos labregos,
na palla e mais nos carrascos,/e mais nos feixes de fento;
mentres que andaban ós suchos/suchando polos regueiros
e pozas por xiringare/con augas de non bo cheiro;
mentres se puñan mil rabos/e laranxazos arreo
tiraban, e borradelas/de borro encarnado e negro,
e enfariñadas, e pullas,/e chascos ían metendo
todos coa gran libertade/que se goza nese tempo
("Contos...", OPD, pp. 319 ss.)

3.7. Praza de Curros Enríquez

Nesta parada sobresaen dous escenarios evocadores recollidos por Pintos: a praza de San Román (que alude ao Conde de San Román e á súa gran casa) e a praza do Hospital (polo Hospital de San Xoán de Deus). En relación a este hospital tamén debe ser citado o nome de Claudio González Zúñiga, médico cirurxián que axudou a combater a epidemia de cólera en 1854¹². O terreo que queda sobre as ruínas do Hospital de San Xoán de Deus pasa ás mans de Saturnino Varela e o novo hospital ábrese en 1897.

De aquí mui preto está S. Xoán de Dios,
de cuia vida á historia eu dei comenzo,
honor dos legos onde a Santa Bárbara

e S. Rafael lles fan un gran festexo.
¡Oh, para enfermos casa de refugio,
en ti soará con grato loor eterno
o nome doce de S. Xoán de Dios,
mui venerado nese antigo tempo.
(AGG, p. 399)

3.8. Praza da Ferrería

Pola Porta de Trabancas accedíase á que se considera praza "maior" da cidade, a Ferrería (denominación xa tradicional presente no Livro do Concello de 1437-8). Merece destacarse, polo interese que ten para X. M. Pintos, a fonte abandonada, descoidada e retirada na metade do século por mandato do gobernador civil Luciano Quiñones de León (en 1928, a fonte colócase onde está actualmente).

Aquí por moitos anos/deitei eu, malpecado,
licor mui regalado/que a sede lle apagou
a un pobo de cristianos/que muito valor tivo,
e agora está cautivo/de quen o asoballou. (...)
Perene aquí na praza/me viron centos d'anos
valentes cidadanos,/de Marte gran lexión
("Queixumes dunha fonte", OPD, pp. 144-5)

Pontevedra é boa Vila/coa fonte mellor do Reino
dá de beber a quen pasa,/na Ferrería, a desexo.
Dirán, Pontevedra tiña/a fonte mellor do Reino
desfixéronlla e no sitio/lle chantaron un maseiro.
("Contos...", OPD, p. 257)

A praza da Ferrería chamouse praza da Constitución en 1854 e acolleu a imprenta de José Vilas, a imprenta El Siglo, o local do fotógrafo Zagala, o despacho de Casto Sampedro (persoa fundamental da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra), o convento de San Francisco (século XIII) e, propiamente extramuros, o santuario da Peregrina e o da Virxe do Camiño (evidente relación co camiño xacobeo portugués).

3.9. Praza da Verdura

Baixando dende a Ferrería pola rúa de San Román (antes rúa da Peletería), chegamos ao que era antigamente Feira Vella e Pescadería e, a finais do século XIX, praza Nova ou de Indalecio Armesto (un dos grandes intelectuais heterodoxos daquel momento). Aquí estivo a fábrica da luz¹³ e mais a imprenta de José María Santos (onde se imprimiu *La Democracia*, *El Porvenir*, *El Anunciador*, *O Galiciano*, *A Tía Catuxa*, o *Boletín Oficial da Provincia...* ou libros de J. Muruais).

Ao achegarnos á rúa que hoxe é Sarmiento, podemos mirar á esquerda e traer á memoria a figura de Méndez Núñez (1824-1869), heroe da batalla de El Callao (1865) e comandante do primeiro acoirazado (Numancia). Este personaxe, enalzado na obra de Pintos, morreu na casa-fortaleza dos Cruu, espazo que ocupa o gran magnolio, o arco e todo o edificio que dá á praza que actualmente leva o seu nome.

El foi de Almirante da Escadra Española
para os indios bravos por si castigar;
chegou, e esborralla mitá do Callao,
e logo á súa terra se veu de vagar. (...)
Botade aturuxos alegres ao Ceo,
bailade a muiñeira e o chascarraschás;
que quede memoria na terra por sempre
de D. Casto Méndez, por sempre jamás.
("Meting en Lérez", OPD, pp. 491 ss)

Xa na rúa Sarmiento (antes rúa da Feira e da Compañía, pola presenza dos xesuítas), convén indicar que X. M. Pintos admirou e editou ao ilustrado. Con Sarmiento evocamos a Ilustración (con nomes como Feijoo, Cornide...), momento que sentou boa parte dos alicerces da andaina dignificadora de Galicia, continuada polo galeguismo.

Honor de Pontevedra, cuxa mente
chea de luz mui espellante e pura,
fixo de ti celeste criatura
un gran tesouro digno de outra xente.
Goza do ceo, goza eternamente
que Dios a gloria santa lle procura
ó que acha na virtude súa fartura
cal ti modesto monxe preminente
Si o chan ingrato do teu berse ollas,
que veña a ollada chea de contento
fitar no Burgo, e que bulir as follas
do Paraíso vexa o entendimento
de quen louor che bota, e que o recollas
suprícache doutísimo Sarmento.
("A Sarmiento", OPD, p. 441)

3.10. Colexio dos Xesuítas e Santa Clara

O Colexio dos Xesuítas (século XVII) acolleu esta orde ata a súa expulsión a Italia en 1767. Entre as súas figuras destacan o Padre Isla, autor de *Fray Gerundio de Campazas* e, sobre todo, Hermenegildo Amoedo Carballo (autor, en 1787, do *Carmen patrium sive Pontevedra*). O padre Amoedo, ademais de mencionado por Pintos (que reproduce o canto na foliada d'A *gaita gallega*), é traducido ao galego polo noso autor nun afán de ennobrecemento do noso

idioma para o cal era fundamental o seu emparellamento co latín.

Agora vou ver, si Dios premite,
aquela casa en vaco e gran silencio.
Mais ¿a que recordar, triste de min,
dos que connigo gemen no desterro
sin dor opresos por un duro fado,
a que lembrar aqueles menumentos?
¡Logrouse ja fechar, oh ilustre Ignacio,
aquelas portas dos teus grandes tempos!
¿Así calados quedarés, ¡oh Koska
Lodoix, Xaveri e Borgia!, sin remedio?
¡Premita Dios que o corazón do mundo
desperte e sinta de piedade cheo,
gran compasión dos que gemendo arrancan
ja en rouco son os aies do seu peito!
(AGG, pp. 399-400)

O edificio do Colexio dos Xesuítas pasou por varias funcións (fábrica de tecidos dos Lees, instituto de segundo ensino, Audiencia) e hoxe acolle o templo de San Bartolomeu.

Saíndo do centro histórico, chegamos a Santa Clara, igrexa extramuros situada no antigo Camiño de Castela. Xunto a San Francisco e San Domingos, Santa Clara era o outro convento mendicante da nosa cidade (todos eles datan de finais do século XIII). Entre outros versos sobre Santa Clara, escribe Xoán Manuel Pintos:

A Santa Clara collo... ¡Oh Virgen santa,
no apartes nunca os ollos deste servo,
ti que es consolo dos desamparados!
¡Óllame mai piadosa no desterro!
(AGG, p. 400)

4. REMATE

Ata aquí o paseo pola Pontevedra do século XIX a través dos textos de Xoán Manuel Pintos. A súa obra, marcada pola solidariedade cos labregos, cos presos e cos achadizos; pola sensibilidade social e pola reivindicación do idioma e do país, é a mellor fotografía da cidade do Lérez.

5. ANEXOS

5.1. Datos históricos para marcar as coordenadas da vida e da obra de Xoán Manuel Pintos

1. 1808-1814: guerra contra o francés (1812: Cortes de Cádiz).


2. 1814-1833: absolutismo de Fernando VII (1815: pronunciamento de Porlier)
3. 1833-1840: rexencia de María Cristina, guerra carlista (1833: Javier de Burgos reforma administrativa das provincias).
4. 1841-1843: Espartero.
5. 1843-1868: Isabel II (réxime “liberal”: moderados e progresistas), levantamento progresista-provincialista de Solís que remata co episodio dos Mártires de Carral en 1846 (Xunta Suprema de Galicia: A. Faraldo), Banquete de Conxo en 1856 (Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal... asiste Rosalía), Xogos Florais na Coruña, Pontevedra... en 1861, *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro en 1863.
6. 1868-1874: Sexenio “democrático” (Amadeo de Savoia, 1ª República en 1873).
7. 1874: Pavía. Restauración borbónica: Alfonso XII. Cánovas.

5.2. Síntese do bulir xornalístico e intelectual na Pontevedra do século XIX

Publicacións periódicas: *Boletín Oficial da Provincia* (1834), *Las Musas del Lérez* (1842), *El Circulador* (1846), *La Distracción* (1847), *La Revista* (1849), *El Vocinglero* (1849), *El Eco de Pontevedra* (1852), *El Ferrocarril* (1853)... Entre 1856 e 1868 podemos mencionar *El Restaurador*, *El País*, *La Perseverancia*, *El Progreso*...

Autores do ámbito intelectual: Antolín Esperón, Manuel Ángel Couto, Xosé Benito Amado, Xoán Cuveiro... Na década dos sesenta cómpre sinalar, entre outros, os irmáns Rodríguez Seoane, Anciles, Indalecio Armesto, Heliodoro Cid. Na década dos setenta aparecen figuras como os irmáns Muruais, Ulloa, Roxelio Lois, García de la Riega...

5.3. Plano do paseo pola Pontevedra de Xoán Manuel Pintos



Este paseo pola Pontevedra de Xoán Manuel Pintos pretende visitar os lugares da vida e da obra do autor, ademais de atender aos acontecementos máis importantes da Pontevedra do seu tempo.

O percorrido aparece indicado sobre o plano da cidade de Pontevedra realizado por E. Coello no ano 1856.

1. O Burgo
2. Cárcere vello
3. Rúa Isabel II
4. Santa María
5. Concello
6. San Bartolomeu o Vello - Praza do Teucro
7. Praza de Curros Enríquez
8. Ferrería
9. Feira Vella
10. Antigo Colexio dos Xesuítas - Santa Clara

Roteiro Xoan Manuel Pintos



NOTAS

1. Os autores desexan deixar constancia do seu agradecemento ao persoal e á dirección das seguintes institucións: Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, Arquivo Histórico Municipal de Pontevedra, Museo de Pontevedra, Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Arquivo Histórico Diocesano (Santiago de Compostela), Arquivo Histórico Universitario (Santiago de Compostela).
2. O 17/3/1836 é nomeado substituto a “Cátedra de Cánones” (Arquivo Histórico Universitario).
3. Citamos os seus textos segundo as edicións de Carme Hermida (*A gaita gallega*, 2002) e de M^a do Carmo Ríos Panisse (*Obra poética dispersa de Xoán Manuel Pintos*, 2006). Abreviamos: AGG e OPD respectivamente.
4. Os “Vecindario” de 1811 e de 1821 permitíronnos localizar o pai de Xoán Manuel Pintos no Barrio do Ponte e na Rúa Burgo (Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra).
5. Os padróns municipais de 1851 e 1857 sitúan a Xoán Manuel Pintos como residente no Barrio do Burgo (Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra). O Arquivo Casal y Lois (Museo de Pontevedra) localiza a casa de Xoán Manuel Pintos no número 14 (hoxe sería imposible identificala).
6. No *Libro de Actas* do Concello de Pontevedra, con data do 19/7/1858 (Arquivo Histórico Municipal), Xoán Manuel Pintos figura como membro dunha comisión para arranxar a capela de Santiago do Burgo.
7. Onde o Concello de Pontevedra colocou unha placa con motivo do 150 aniversario de *A gaita gallega*.
8. Na rúa Chariño tería unha casa un dos descendentes de Xoán Manuel Pintos. Referímonos a Javier Pintos Fonseca (Museo de Pontevedra).
9. Hoxe hai un centro de interpretación subterráneo.
10. Xoán Manuel Pintos dáse de alta no Colexio de Avogados de Pontevedra o 11/3/1840 (Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra). Exerce de avogado en Pontevedra entre 1845-1862, coa paréntese dun ano (1855-1856) durante o que foi promotor fiscal no Xulgado de Primeira Instancia.
11. Lembremos a coñecida copla tradicional:
Pontevedra é boa vila/dá de beber a quen pasa
a fonte na Ferrería/e San Bartolomeu na praza.

12. Claudio González Zúñiga tamén foi alcalde en 1823 e autor da primeira historia de Pontevedra (1846).
13. Lembremos: en 1842 instalación de alumado público, en 1850 farois de aceite no Burgo, en 1867 substitución por gas e, en 1888, luz eléctrica.

BIBLIOGRAFÍA

- Acuña, X. E. (1998) (2^a ed.): *Pontevedra, vellas imaxes a través das tarxetas postais: Memoria. Urbanismo. Agravios*. Pontevedra: Deputación.
- Acuña Trabazo, A., Blanco Ramos, C., Gestido de la Torre, E. e Abilleira Sanmartín, X.: *Pontevedra literaria. Antoloxía de textos en homenaxe á Boa Vila*. Pontevedra: Concello de Pontevedra/Fundación CaixaGalicia.
- Amoedo Carballo, H. (2005): *Canto patrio ou Pontevedra*. Noia: Toxosoutos. Edición e tradución de J. R. Couto Fariña.
- Barcia Lago, M. (1999): *El ilustre Colegio Provincial de Abogados de Pontevedra en el marco del desarrollo histórico de la Abogacía española*. Pontevedra: Ilustre Colegio Provincial de Abogados.
- Fernández Mosquera, J. (1963): “Pontevedra según el catastro del Marqués de la Ensenada”. *El Museo de Pontevedra*, XVII, 19-84.
- Fernández-Villamil y Alegre, E. (1944): *La Puente Vieja pontevedresa*. Pontevedra: El Museo de Pontevedra
- Filgueira Iglesias, M. A. (1973): “El comercio pontevedrés y las ferias”. *El Museo de Pontevedra*, XXVII, 131-158.
- Filgueira Valverde, X. F. (1981): “A Gaita Gallega”. *El Ideal gallego*, 5 de xullo.
- Filgueira Valverde, X. F. (1992): “Xoán Manuel Pintos e a Fonte da Ferrería”. *Faro de Vigo*, 30 de xaneiro.
- Fortes, X. (1993): *Historia de la ciudad de Pontevedra*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Fortes, X. (1995): *Pontevedra en el espejo del tiempo*. Pontevedra: Caixanova.
- Gallego Rei, M. e Sánchez Agustino Rodríguez, R. (2004): *O Burgo: no camiño das uvas e do millo*. Pontevedra: Deputación.
- García Alén, C. (1956): “Arquitectura civil de Pontevedra”. *El Museo de Pontevedra*, X, 79-123.
- Hermida, C. (2010): “O primeiro poema en galego (1842) de Xoán Manuel Pintos Villar”. *A Trabe de Ouro*, 82, t. II, 119-123.

- Juega Puig, J. (1985): “La cárcel vieja de Pontevedra”. *El Museo de Pontevedra*, XXXIX, 233-253.
- Juega Puig, J. (2000): *As rúas de Pontevedra*. Pontevedra: Deputación.
- Juega Puig, J., de la Peña Santos, A. e Sotelo Resurrección, E. (1995): *Pontevedra, villa amurallada*. Pontevedra: Deputación.
- Lado Franco, C. (1989): *Edición crítica da poesía dispersa de Xoán Manuel Pintos Villar*. Santiago: Universidade.
- Malet I. de (1994): “Hace 183 años nacía en nuestra ciudad Juan Manuel Pintos Villar”. *Diario de Pontevedra*, 18 de decembro, X-XI.
- Millán, I. (1975): *Retallos de poesía e prosa*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Pintos Villar, X. M. (2002): *A Gaita Gallega*. Vigo: Xerais. Edición de C. Hermida.
- Pintos Villar, X. M. (2006): *Obra poética dispersa de Xoán Manuel Pintos Villar*. Santiago: Consello da Cultura Galega. Edición de M^a C. Ríos Panisse.
- Riveiro Tobío, E. (2008): *Descubrir Pontevedra*. Pontevedra: Edicións do Cumio.
- Sánchez Cantón, F. J. (1946): “El derribo de iglesias en Pontevedra”. *El Museo de Pontevedra*, IV, 7-9.
- Sotelo Resurrección, E. (1997): *Pontevedra 1840-1915*. Pontevedra: Deputación.
- Sotelo Resurrección, E. (2009): *Pontevedra na Restauración 1875-1900*. Pontevedra: Concello.
- Varela Jácome, B. (1948): “Una carta inédita de Juan Manuel Pintos a Murguía”. *El Museo de Pontevedra*, V, 185-186.